



EXCMO. CONCELLO
DA
ESTRADA
(PONTEVEDRA)

---Documento: ADXUDICACIÓN PROVISIONAL POR RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA Nº 981/2009 DE DATA 2 DE SETEMBRO.

---Contrato: DE OBRAS DE "ACCESO A NÚCLEOS E PAVIMENTACIÓN DE VÍAS PÚBLICAS EN ARNOIS, BARCALA, SANTA MARIÑA, A ESTRADA, GUIMAREI, MOREIRA, OUZANDE, REMESAR-OCA, RIBEIRA E TABELIRÓS (PPC 2009).

---Data de inicio da publicación deste documento no perfil do contratante: 2 DE SETEMBRO DE 2009

-Visto o expediente tramitado, de contratación das obras de "acceso a núcleos e pavimentación de vías públicas en Arnois, Barcala, Santa Mariña, A Estrada, Guimarei, Moreira, Ouzande, Remesar-Oca, Ribeira e Tabeirós (PPC 2009)".

-Visto que, dentro de prazo, presentaron solicitudes de participación NAROM SL e DAGO SA.

-Visto que tamén presentara proposición EXPLOTACIONES GALLEGAS SL, mais a presentara fora de prazo: recibira a carta de invitación o 21 de agosto de 2009 e formulara a proposición o 28 de agosto de 2009 cando, segundo o disposto na cláusula XI dos Pregos e, na propia carta de invitación, o prazo para a presentación da proposta era de 5 días naturais. Así pois, procede a súa non admisión ó procedemento de contratación.

-Vista a documentación administrativa aportada polos licitadores.

-Vistas as ofertas realizadas polos licitadores.

-Vista a fiscalización previa da Intervención municipal de 1 de setembro de 2009.

-Vista a competencia desta Xunta de Goberno Local, segundo o sinalado no artigo 7.2 do Decreto 1627/97, artigo 21.1.s) da Lei 7/85 e Decreto de delegación desta Alcaldía de data 21 de xuño de 2007 e visto o disposto no artigo 14 da Lei 30/92 no relativo á avocación de competencias.

A C O R D O:

1º.-Avocar a competencia previamente delegada na Xunta de Goberno Local.

2º.-Non admitir ó procedemento de contratación das obras "acceso a núcleos e pavimentación de vías públicas en Arnois, Barcala, Santa Mariña, A Estrada, Guimarei, Moreira, Ouzande, Remesar-Oca, Ribeira e Tabeirós (PPC 2009)" a EXPLOTACIONES GALLEGAS SL, por presenta-la súa proposición fora do prazo concedido ó efecto.

3º.- Adxudicar provisionalmente o contrato de obras de "acceso a núcleos e pavimentación de vías públicas en Arnois, Barcala, Santa Mariña, A Estrada, Guimarei, Moreira, Ouzande, Remesar-Oca, Ribeira e Tabeirós (PPC 2009)", por importe de 200.889,90 euros, a DAGO SA, con arranxo ós Pregos e á súa oferta.

4º.-A adxudicación provisional queda condicionada, en todo caso, a que por parte do adxudicatario se aporte a seguinte documentación:

---xustificación acreditativa de estar ó corrente das obrigacións tributarias e para coa Seguridade Social.

---certificación acreditativa de estar dado de alta no Imposto sobre Actividades Económicas, no epígrafe/s correspondentes, no ámbito municipal, provincial ou nacional.

---xustificante de ter constituída na Tesourería do Concello a correspondente garantía definitiva en calquera das formas previstas no artigo 84 da Lei 30/2007. O importe da garantía será do 5 % do importe da adxudicación excluído o IVE.

A documentación deberá ser aportada no prazo máis breve posible e nunca máis alá de 15 días hábiles a contar dende o día seguinte á publicación da adxudicación provisional no Perfil do contratante.

Transcorrido o devandito prazo, no seu caso, producirase a adxudicación definitiva.

4º.-Notifíquese o presente Acordo ós licitadores e publíquese a adxudicación provisional no Perfil do contratante.

A Estrada 2 de setembro de 2009
O ALCALDE,

Asdo. José Antonio Dono López